



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao novo incremento da débeda pública galega.

Exposición de Motivos

A publicación dos datos da débeda pública das administracións polo Banco de España pon de relevo o continuo aumento da débeda pública provocado pola xestión de Núñez Feijóo. A escalada de débeda non é algo conxuntural, semella marca de fábrica dunha mala xestión da Xunta, porque crece a débeda sen relación coa pobreza investidora da Xunta e co mantemento do estado de sitio neoliberal sobre os bens e servizos públicos.

A débeda pública galega importaba 9.961 millóns de euros ao remate do 2014, e agora acada os 10.289 millóns de euros (18,6% do PIB), 473 millóns máis na comparativa interanual. Só neste segundo mandato Núñez Feijóo endebedounos en 1.965 millóns de euros e en 6.335 millóns dende que chegara ao poder no 2009.

A porcentaxe do PIB segue por riba do 18%. Lembrar que o ano 2008, o anterior a asunción do poder político por Núñez Feijóo, a débeda pechaba no 6,7%. Triplicou esa porcentaxe o presidente que máis recortes sociais impuxo, que máis deprimiu o investimento e que máis nos endebedou. Resulta difícil explicarse en que gastou o goberno galego semellante cantidade, cal foi o destino desa débeda.



Polo sinalado, o grupo parlamentar da achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta á realización dunha auditoría independente sobre o ciclo de endebedamento público en Galicia que vai do 2009 ao 2014.

En Compostela, a 15 de decembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 15/12/2015 10:00:18